



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Proposición de lei de montes veciñais en man común**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

O Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 27.11 de xeito inequívoco a competencia exclusiva da nosa Comunidade Autónoma en materia de “régime xurídico dos montes veciñais en man común”. A Lei 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais en man común, constituíu un paso importante cara á regulación desta “propiedade peculiar e ben característica de Galicia, tantas veces posta de manifesto polos expertos, reivindicada polos campesiños e reclamada pola propia realidade económica”, tal e como recollía a súa propia exposición de motivos.

Pero transcorridos máis de vinte anos dende a promulgación daquela primeira normativa galega, cómpre adecuala e melloralala conforme ás circunstancias actuais, co obxectivo de promover unha nova norma que ademais de actualizala, posibilite que esta modalidade específica e ampla do noso monte, normalmente de orixe xermánica, se converta nunha peza clave para o desenvolvemento sustentable do medio rural galego.

Para iso a lei propugna reforzar o protagonismo das comunidade veciñais de montes en man común, configurándoos como axentes fundamentais con capacidades para facilitar a súa posta en valor, á vez que facilitar a intervención pública, de xeito subsidiario a aquelas, cando se poida producir a inacción por causas diversas que poña en risco o monte.

A lei articúlase en sete títulos que recollen 42 artigos, actualizando ou introducindo novos elementos sobre a normativa existente.

Así establece en primeiro termo a natureza dos montes de man común, así como das comunidades veciñais e as condicións para ser



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

considerado veciño comuneiro. Posteriormente regula os aproveitamentos e actos de disposición dos montes veciñais, buscando que estes poidan conformarse, tanto pola súa especial titularidade como pola súa extensión e dimensión territorial ou polo número de veciños afectados, nun factor que posibilite e poña en valor as súas potencialidades, de cara a promover un medio rural vivo, sustentable e economicamente máis activo. Á súa vez os rendementos dos montes veciñais realizaranse conforme ao que estableza a Asemblea Xeral, cunha porcentaxe de revestimento que se regula na lei e que, tal e como establece esta, non poderá ser inferior a unha porcentaxe do 35 %.

Igualmente a lei crea un único Xurado de Montes Veciñais para toda Galicia, suprimindo o nivel provincial actualmente en vigor, como órgano colexiado permanente e especializado en materia de montes en man común, e con competencias nos procedementos para a súa cualificación e declaración. Desenvolve a súa composición, organización e funcionamento básicos, determinando igualmente as liñas xerais dos procedementos de clasificación e resolución que emanen deste novo órgano.

A continuación régulase o deslindamento con outros montes en man común, con propiedades particulares ou con montes públicos, buscando una maior información e clarificación destas cuestións, así como garantindo a necesaria transparencia e participación nestes procesos.

Aposta a lei por afondar na democratización e mellora dos órganos de goberno, xestión e representación das comunidades veciñais, fixando cuestións salientables tales como as determinacións mínimas que deberán conter os estatutos, o seu réxime de maiorías. Igualmente prevé a constitución de Xunta provisionais entre tanto non existan órganos de goberno, recollendo diversas cuestións sobre a súa constitución, composición e funcións, e ata a aprobación dos seus estatutos.

Outra novidade salientable que a lei contén, é a creación do Consello de comunidades de montes en man común, como un consello de participación para a defensa dos seus intereses e como axente



Grupo Parlamentario

interlocutor cas administracións, regulando os aspectos básicos da súa composición e funcións.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por último a lei no seu último título, aborda as competencias e obrigas da Administración autonómica en relación aos montes en man común, regulando as situacións de non existencia ou incapacidade de comunidade veciñal ou as situacións de abandono ou degradación, de tal xeito que posibilite a xestión destes montes, sen que isto supoña a perda de condición de monte veciñal e podendo ser recuperada a xestión polos propios veciños.

Título primeiro. Natureza

Artigo 1. Montes veciñais en man común

1. Son montes veciñais en man común as terras que, con independencia da súa orixe, das súas posibilidades produtivas, do seu aproveitamento actual ou da súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e que se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas permanentes aos membros daquelas na súa condición de veciño.

2. En todo caso, son montes veciñais en man común as terras que, á entrada en vigor da presente lei estivesen clasificados como tales.

Artigo 2. Propiedade e natureza dos montes veciñais e man común.

1 A propiedade dos montes veciñais en man común, con independencia da súa orixe, é de natureza privada e colectiva.

2. Este carácter privado especial, derivado da propiedade en común, está suxeita ás limitacións da indivisibilidade, inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade.

3. A titularidade dominical, sen asignación de cotas, é da comunidade veciñal.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Artigo 3. Comunidade veciñal

1. A comunidade veciñal, titular dos dereitos dominicais, está formada polo conxunto das persoas integrantes das unidades familiares independentes con casa aberta e residencia habitual na área xeográfica na que asente o grupo social ao que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte.

2. As unidades familiares determinarán o seu representante na asemblea xeral da comunidade, chamado veciño comuneiro, do xeito que se determine regulamentariamente.

Artigo 4. Condición de veciño comuneiro

1. Terán a consideración de veciño ou veciña, comuneiro ou comuneira, as persoas adultas elixidas representantes de unidades familiares independentes, con casa aberta e residencia habitual dentro da área xeográfica na que se asente o grupo social ao que tradicionalmente estivese adscrito o aproveitamento do monte.

2. Os estatutos da comunidade veciñal establecerán as condicións para a incorporación a ela de unidades familiares, os requisitos para o acceso á condición de veciño comuneiro e para o exercicio do dereito de representación.

3. Así mesmo, establecerán os requisitos para o abandono por unidades familiares da condición de integrantes da comunidade veciñal, por deixar de cumprir as condicións do artigo 3 ou estatutarias. En todo caso, a perda desta condición deberá ser acordada pola asemblea xeral, con expresión singularizada das unidades familiares afectadas e audiencia delas.

Artigo 5. Capacidade plena da comunidade veciñal

1. A comunidade de veciños propietaria dun monte veciñal en man común, composta polos veciños comuneiros que a integren en cada momento, ten plena capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos sobre o monte e os seus



Grupo Parlamentario

aproveitamentos, así como sobre a súa administración e disposición, consorte ao disposto nesta lei.

2. De extinguirse a comunidade veciñal por causas independentes da súa vontade, estarase ao disposto nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan para os supostos de inexistencia da comunidade veciñal.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Título segundo. Aproveitamentos e actos de disposición

Artigo 6. Aproveitamento e actos de disposición

1. O aproveitamento e goce dos montes veciñais en man común corresponde á comunidade veciñal titular do monte e realizarase consonte ás leis e disposicións aplicables, aos estatutos da comunidade veciñal e, no seu caso, aos instrumentos de xestión aprobados.

2. As comunidades veciñais, de acordo co disposto nos seus estatutos, poderán utilizar todos os negocios xurídicos previstos legalmente para a xestión do monte, sen máis limitacións que as derivadas da lexislación xeral ou da presente lei.

3. Os actos de disposición deberán ser autorizados pola administración de montes veciñais en man común que, en todo caso, garantirá a audiencia á comunidade e aos peticionarios. Os actos de disposición inscribíranse no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común no prazo máximo de dous meses desde o día seguinte ao da súa sinatura.

Artigo 7. Lotes, sortes ou parcelas para o aproveitamento gandeiro e agrícola.

1. A comunidade de veciños titular do monte poderá acordar o aproveitamento privativo para usos gandeiros ou agrícolas da parte do monte, por medio da asignación a veciño ou veciños comuneiros de



Grupo Parlamentario

lotes, sorte ou parcelas cedidos temporalmente a título oneroso ou lucrativo.

2. Esta asignación deberá respectar os instrumentos de xestión forestal vixentes, non poderá ser por período superior a trinta anos e debe dar lugar a parcelas que superen a dimensión da unidade mínima de cultivo.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Esta asignación producirase por acordo da asemblea de comuneiros. O acordo, xunto coa eventual autorización administrativa, debe ser comunicado ao Rexistro de Montes Veciñas en Man Común.

4. O destino a un uso diferente do acordado pola comunidade veciñal dará lugar á reversión inmediata do lote, sorte ou parcela á situación de aproveitamento colectivo, sen prexuízo das responsabilidades ás que puidese dar lugar.

Artigo 8. Cesión

1. Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de cesión temporal, en todo ou en parte, a título oneroso ou gratuíto, logo da autorización da consellaría competente en materia de montes, para obras, instalacións, explotacións de diversa índole, servizos ou outros fins que redunden en beneficio directo da comunidade de veciños.

2. Para a emisión da autorización, a comunidade deberá xustificar a compatibilidade co ordenamento urbanístico, así como os beneficios para a comunidade veciñal da cesión.

3. A cesión poderase establecer por un prazo máximo de trinta anos se é a favor de particulares, ou por tempo indefinido se é en beneficio de calquera das administracións públicas cando sexa destinada a equipamentos a favor da propia comunidade, e mentres se manteña o fin para o que foi feita a cesión.



Grupo Parlamentario

Artigo 9. Ocupación e servidumes

1. Poderanse establecer ocupacións e servidumes, logo de expediente no que se acredite a súa compatibilidade co fin e a utilidade pública que cualifica o monte.

2. Regulamentariamente determinarase o procedemento a seguir para a autorización das ocupacións e do establecemento de servidumes por parte da consellería competente en materia de montes, debendo presentarse diante da mesma unha memoria, na que quede determinada a extensión puramente indispensable, a imposibilidade da súa localización fóra do monte e os danos e perdas que se poidan producir e que valorados, xustificarán o prezo da ocupación ou servidume. En todo caso, darase audiencia no expediente aos eventuais beneficiarios da ocupación ou servidume e á comunidade veciñal.

3. O consentimento da comunidade veciñal é necesario para autorizar ocupacións nos montes. Cando esta se opoña sen máis trámite, darase por concluído o procedemento.

Artigo 10. Dereitos de superficie

1. A comunidade de veciños propietarios poderá establecer dereitos de superficie con destino a instalacións, edificacións, cultivos ou aproveitamento forestal de arborado ata o prazo máximo de trinta anos, pasando a ela, ao caducalo o dereito, a propiedade de todo o instalado, edificado ou plantado, sen que se xere dereito a indemnización.

2. A constitución deste dereito, que ten que formalizarse en escritura pública e inscribirse no Rexistro da Propiedade e no Rexistro de MVMC, será transmisible e susceptible de gravame, e rexerese polo título constitutivo do dereito, pola presente lei e subsidiariamente, polas normas do dereito privado.

3. Se o dereito de superficie afectase só a unha parte do monte veciñal, deberase practicar a correspondente delimitación para os efectos de inscrición daquel dereito.

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. A comunidade comunicará a intención de celebrar o contrato, e as súas estipulacións á consellería competente en materia de montes, que poderá incluír ou modificar aquelas que considere necesarias para garantir a conservación e integridade do monte.

Artigo 11. Expropiación forzosa

1. Os montes veciñais en man común poderán ser obxecto de expropiación forzosa por causa de utilidade pública ou interese social prevalente á do propio monte veciñal a medio de declaración expresa do Consello da Xunta de Galicia, logo de informe da consellería competente en materia de montes e de audiencia ás comunidades de veciños afectadas. Regulamentariamente establecerase o procedemento de expropiación.

2. O importe das cantidades aboadas pola expropiación ou servidume haberá de destinarse á mellora do monte, ao cumprimento da lexislación de prevención e defensa contra os incendios forestais, ao establecemento de obras ou servizos de interese xeral da comunidade de veciños, de acordo co previsto nos estatutos ou co decidido pola comunidade ou a adquisición de terras lindantes.

3. De quedar o monte fóra da titularidade da comunidade veciñal, esta subsistirá para o exercicio dos dereitos que lle correspondan e como titular do eventual dereito de reversión.

Artigo 12. Permutas

1. Será posible permutar terreos integrantes dun monte veciñal en man común por outros terreos limítrofes de valor similar cando razóns de utilidade pública ou interese social da comunidade veciñal o fagan necesario.

2. Para a realización das permutas será necesario a autorización da consellería competente en materia de montes, que terá en conta a equivalencia dos terreos permutados e a colindancia co monte veciñal dos terreos a permutar.



Grupo Parlamentario

3. A comunidade veciñal titular do monte dará traslado da permuta ao Xurado de Montes Veciñais de Galicia e ao Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

Artigo 13. Arrendamentos

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Os montes veciñais en man común poderán ser arrendados total ou parcialmente sempre que a duración non supere os trinta anos e as melloras e instalacións incorporadas tras o arrendamento sexan propiedade da comunidade veciñal ao remate do aluguer, sen compensación algunha para o arrendatario.

2. A comunidade comunicará a intención de celebrar o contrato, e as estipulacións obxecto deste, a administración forestal, que poderá incluír ou modificar aquelas que estime necesarias para garantir a conservación e integridade do monte.

3. Salvo pacto en contrario, o arrendatario poderá desistir do arrendamento notificándollo ao arrendador con máis de seis meses de antelación á data de finalización do ano agrícola. De facelo así o arrendatario non terá obriga de indemnizar.

4. O aluguer non poderá ser prorrogado tacitamente.

5. No demais o aluguer do monte suxeitarase á normativa vixente sobre arrendamentos rústicos.

Artigo 14. Parzarías

A comunidade veciñal poderá subscribir contratos de parzarías respecto de todas ou algunha das parcelas do monte veciñal, respectando a normativa vixente sobre esta caste de contrato.

Artigo 15. Reordenación da propiedade

1. Poderá ser obxecto de reorganización da propiedade, consonte a normativa legal en vigor, o monte veciñal en man común que cumpra os requisitos da normativa vixente.



Grupo Parlamentario

2. No expediente de reorganización da propiedade e na súa resolución respectaranse a superficie total e a capacidade produtiva e ambiental do monte.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Cando se proxecte levar a cabo unha concentración parcelaria que afecte a montes veciñais en man común realizarase consonte co disposto na lexislación galega que regula a materia, sendo necesario un informe preceptivo e vinculante da consellaría competente en materia de montes antes do inicio do proceso relativo á idoneidade da realización da reorganización da propiedade na superficie ocupada polo monte veciñal.

Título Terceiro. Da utilización dos rendementos do monte

Artigo 16. A distribución dos rendementos

1.A distribución dos rendementos do monte respectará sempre a cota de reinvestimento no monte fixada pola comunidade veciñal, que en ningún caso poderá ser inferior ao 35% do total.

2.Os rendementos restantes serán dedicados, consorte ao disposto nos estatutos ou ao acordado na Asemblea Xeral, e tendo en conta o disposto no artigo 11 da presente lei a accións que beneficien á comunidade veciñal, ao investimento no propio monte ou ao reparto entre os comuneiros.

Artigo 17. O reinvestimento dos rendementos no monte

1. Os estatutos da comunidade veciñal titular do monte fixarán unha cota de reinvestimento dos rendementos que, en ningún caso, será inferior ao trinta e cinco por cento dos rendementos económicos producidos polo monte. A cantidade que resulte será destinada, en función do plano de explotación do monte, á mellora e protección do monte, prevención e defensa contra incendios, acceso e demais servizos forestais.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. No caso de ingresos extraordinarios o uso dos rendementos poderá ser periodificado ao longo dun período máximo de cinco anos, garantindo no conxunto dos mesmos o respecto á citada cota.

3. No primeiro trimestre de cada ano natural a comunidade veciñal titular do monte xustificará ante a consellaría competente en materia de montes a realización dos investimentos previstos de acordo co presente artigo. A non presentación das contas anualmente impediralle ser obxecto de subvencións en tanto non se rendan aquelas.

Título cuarto: A clasificación

Artigo 19. Clasificación

A clasificación como monte veciñal en man común dos montes abertais, de voces, varas ou de fabeo realizarase polo Xurado de Montes Veciñais de Galicia na forma prevista nesta Lei e na súa normativa de desenvolvemento ou en virtude de sentenza firme ditada pola xurisdición ordinaria, segundo dispón o artigo 57 da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

Artigo 20. O Xurado de Montes Veciñais de Galiza

1. O Xurado de Montes Veciñais de Galiza é un órgano colexiado permanente da Comunidade Autónoma de Galicia, especializado en materia de montes en man común e no procedemento para a súa cualificación e declaración.

2. O Xurado de Montes Veciñais de Galicia estará adscrito á consellaría competente en materia de montes e actuará, no cumprimento das súas funcións, con autonomía funcional e sen estar sometido a instrucións xerárquicas daquela.



Grupo Parlamentario

Artigo 21. Composición

1. A composición do Xurado de Clasificación de Montes Veciñais de Galicia é a seguinte:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

a) Presidente: O director xeral competente en materia de Montes veciñais e man común.

b) Vogais:

i. Un letrado da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia designado polo seu Director Xeral.

ii. Un avogado designado polo Consello Xeral da Avogacía de Galicia.

iii. Un experto en materia de montes veciñais e man común a proposta das universidades públicas de Galicia.

iv. Dous técnicos da consellería competente en materia de montes veciñais e man común.

v. Un representante da FEGAMP

vi. Catro representantes do Consello de Montes Veciñais e Man Común dos que alomenos dous sexan representantes das asociacións ou organizacións de comunidades en materia de montes e man común da Comunidade Autónoma de Galicia.

vii. Dous representantes das organizacións agrarias representativas.

c) Secretario: un funcionario da consellaría competente en materia de montes e con titulación de licenciado en dereito, que terá voz, mais non voto.

2. Regulamentariamente determinarase o réxime de nomeamentos e suplencias dos membros titulares do xurado.

Artigo 21. Organización e funcionamento

1. O funcionamento do Xurado de Montes Veciñais de Galicia establecerase regulamentariamente, axustándose en todo caso ao disposto na Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, para os órganos colexiados.



Grupo Parlamentario

2. As súas funcións administrativas e técnicas estarán a cargo do servizo da consellaría competente en materia de montes.

Artigo 22. Procedemento de clasificación

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. Os expedientes de clasificación de montes veciñais en man común inicianse de oficio pola consellaría competente en materia de montes ou por instancia de calquera veciño interesado, das comunidades veciñais interesadas ou do concello ou concellos onde estea situado o monte, e tramítanse polo Xurado de Montes Veciñais de Galicia.

2. A iniciación do procedemento publicarase no *DOG* e por edictos no concello ou concellos afectados. En todo caso será necesario o informe da comunidade veciñal afectada, que o realizará no prazo máximo de un mes, e continuando co procedemento no caso de que aquel non o emita en tal prazo.

3. A tramitación do procedemento non excederá dun ano dende a súa incoación, debendo notificarse aos interesados.

4. O procedemento rematará cunha resolución motivada do Xurado de MVMC na que se explicitarán os criterios tidos en conta para adoptala.

5. Transcorrido o prazo para ditar resolución expresa, caducará o procedemento de se ter iniciado de oficio e poderase entender desestimada a solicitude de clasificación de se ter iniciado a instancia do interesado.

Artigo 23. A resolución firme de clasificación

1. A resolución firme de clasificación dun monte como veciñal en man común contera a determinación da súa superficie, dos seus lindes e de ser o caso, o seu estado económico e xurídico; así como aquel outros requisitos necesarios para a súa inmatriculación no rexistro da propiedade, consonte ao disposto na lexislación hipotecaria. A esta resolución achegarase a planimetría axeitada, con



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

datos descritivos precisos, que permita a debida identificación do monte e máis a súa incorporación ao Catastro.

2. O Xurado de Montes Veciñais de Galicia remitirá testemuño da resolución administrativa de clasificación, logo de ser firme en vía administrativa, ao Rexistro da propiedade que corresponda, para os efectos da anotación preventiva desta clasificación e ao Rexistro de MVMC. Este testemuño haberá cumprir os requisitos que esixe a lexislación hipotecaria para a súa inscrición.

3. A resolución firme de clasificación producirá os seguintes efectos:

- a) Atribúe a propiedade á comunidade veciñal mentres non exista sentenza xudicial firme en contra.
- b) Serve de título inmatriculador para inscribir o monte no rexistro da propiedade, para excluílo dos catálogos de montes de utilidade pública e dos inventarios de bens municipais, e asemade, para resolver sobre as inscricións total ou parcialmente contraditorias que resulten afectadas.
- c) No marco das leis, a exención dos impostos sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, e a gratuidade da primeira inscrición do monte e as cancelacións que se produzan por este motivo.

Artigo 24. As resolucións do Xurado

As resolucións do Xurado de Montes Veciñais de Galicia, esgotan a vía administrativa e poderán ser obxecto de recurso de reposición con carácter potestativo, perante o propio Xurado, ou ben ser impugnadas directamente na xurisdición contencioso-administrativa.



Grupo Parlamentario

Título quinto: Deslindamento dos montes veciñais en man común.

Artigo 25. Procedemento

Os deslindamentos de montes veciñais en man común poderán realizarse segundo dous procedementos diferentes:

- O deslindamento con outros montes veciñais en man común
- O deslindamento con montes públicos ou propiedades particulares.

Artigo 26. Deslindamento con outros montes veciñais en man común

1. Os perímetros lindantes con outros montes veciñais en man común poderán ser obxecto de deslindamento provisional polas comunidades propietarias.
2. Logo de ratificado o deslindamento provisional previsto no apartado anterior polas asembleas xerais de cada unha das comunidades afectadas, darase traslado dos acordos alcanzados, e da documentación que regulamentariamente se indique, á consellería competente en materia de montes que ditará resolución aprobatoria do deslindamento. Esta resolución publicarase no *DOG* e notificarase debidamente aos interesados.
3. Unha vez publicada e notificada a resolución darase traslado da mesma ao Xurado de Montes Veciñais de Galicia que, se fose necesario, fará a oportuna toma de razón.
4. Os desacordos entre comunidades propietarias de montes veciñais en man común no procedemento de deslindamento contemplado no presente artigo dará lugar a unha arbitraxe da consellería competente en materia de montes que en caso de non ser aceptada por ambas partes, implicará, aos efectos de aplicación da presente lei, que se declare un conflito de propiedade, que deberá ser resolto pola vía civil.

Partido dos
Socialistas
de Galicia



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. Nos procedementos de deslindamento realizados pola consellería competente en materia de montes con posterioridade á súa clasificación como monte veciñal en man común, en caso de desconformidade por parte das comunidades afectadas polo deslindamento, declararase, así mesmo, a existencia dun conflito de propiedade, a resolver na vía civil correspondente.

A consellería competente en materia de montes habilitará liñas de axudas específicas para a realización de deslindamentos provisionais entre comunidades de montes veciñais.

Artigo 27. Deslindamentos con propiedades particulares ou montes públicos

1. A administración realizará deslindamentos de montes veciñais en man común con propiedades particulares ou montes públicos, segundo o procedemento establecido para estes últimos.

2. No deslindamento de perímetros con propiedades particulares analizaranse as situacións posesorias acreditadas e os títulos presentados, e teranse en conta todos os inscritos no rexistro da propiedade.

3. Unha vez realizado o deslindamento, a administración forestal ditará resolución aprobatoria do deslindamento que será publicada no *DOG* e debidamente notificada aos interesados.

4. Unha vez publicada e notificada a resolución darase traslado da mesma ao Xurado de Montes Veciñais de Galicia.

Artigo 28. Colocación de marcos

Firme en vía administrativa o acordo aprobatorio de deslindamento, e a reserva do que puidera resultar dun xuízo declarativo de propiedade, procederase á colocación de marcos no monte.



Grupo Parlamentario

Título sexto. Da organización das comunidades

Artigo 29. Asemblea xeral de comuneiros

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1. A Asemblea Xeral, da que forman parte todos os comuneiros, é o órgano supremo de expresión da vontade da comunidade veciñal.
2. Teñen dereito a asistir ás asembleas xerais todos os comuneiros que cumpran coas obrigas establecidas nos estatutos da comunidade. Todo comuneiro está obrigado a asistir ás asembleas xerais ordinarias ou extraordinarias que regulamentariamente se convoquen.
3. A Asemblea Xeral ordinaria será convocada unha vez ao ano e sempre dentro dos seis meses seguintes á data de peche do exercicio económico. Con carácter extraordinario, poderá convocarse Asemblea Xeral a iniciativa do presidente da Xunta Rectora ou a petición dun mínimo do vinte por cento dos comuneiros.
4. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados máis da metade dos comuneiros e en segunda convocatoria cando estea polo menos un trinta por cento destes. Entre a primeira e a segunda convocatoria haberá de transcorrer un mínimo dunha hora.
5. A convocatoria de Asemblea Xeral farase cun mínimo de dez días de antelación, mediante notificación escrita a todos os comuneiros e coa orde do día dos asuntos a tratar, e estará exposta durante o mesmo prazo nos taboleiros de anuncios do concello, así como nos lugares de costume da entidade onde radique a comunidade.

Artigo 30. A Xunta rectora

1. A Xunta Rectora é o órgano de goberno, xestión e representación da comunidade veciñal. Estará composta por un presidente, que exercerá a representación legal da comunidade, e o número de vogais que sinalen os estatutos, sen que en ningún caso poidan ser menos de dous, un dos cales actuará como secretario e outro como tesoureiro.



Grupo Parlamentario

2. A Xunta Rectora será elixida pola Asemblea Xeral en votación por maioría simple e por un período máximo de catro anos.

3. Cando o número de comeneiros, ou a non presentación de candidatos, non permita a constitución da Xunta Rectora, consonte ao establecido neste artigo, asumirá as súas funcións a Asemblea Xeral da comunidade de veciños.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Artigo 31. Mancomunidades de montes veciñais en man común

1. As comunidades de veciños, logo de acordo da asemblea xeral, poderán mancomunarse para a mellor defensa dos seus intereses e consecución dos seus obxectivos

2. O acordo polo que se constituía esa mancomunidade será comunicado ao Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común, por quen teña a representación da mancomunidade.

3. Regulamentariamente establecerase o procedemento de constitución e funcionamento das Mancomunidades

Artigo 32. Estatutos da comunidade

1. A comunidade de veciños redactará e aprobará os estatutos, que haberán de recoller os usos e costumes polos que se viña rexendo a comunidade e as previsións desta Lei, e conterán como mínimo os seguintes aspectos:

- a. A atribución da condición de comeneiro.
- b. A representación por casa, e a delegación entre comeneiros.
- c. As condicións de admisión de novos comeneiros.
- d. O xeito de exercitar os dereitos derivados da condición de comeneiros.
- e. As obrigas dos comeneiros relacionadas co funcionamento da comunidade e sobre a custodia, defensa e conservación do monte.
- f. Os órganos aos que se atribúe o goberno e administración, modo de nomealos, substituílos e funcións que lles corresponden.



Grupo Parlamentario

g.A porcentaxe de reserva en rendementos económicos para investimentos en melloras e protección do monte, respectando o mínimo disposto nesta Lei.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Os estatutos e as súas modificacións empezarán a surtir efecto ao día seguinte da súa aprobación, remitíndose unha copia, para os efectos do seu coñecemento, ao Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

Artigo 33. Réxime de maiorías

1. A aprobación, reforma ou revogación dos estatutos, así como os acordos referidos a actos de disposición correspondentes á Asemblea Xeral, requirindo a convocatoria expresa e o voto favorable da maioría absoluta dos presentes.

2. Para a aprobación da xestión e balance do exercicio económico, aproveitamentos e actos de administración en xeral será suficiente a maioría simple de membros partícipes, salvo que nos estatutos se esixa outra maioría.

Artigo 34. Xunta provisional

1. No entanto non existan órganos de goberno, unha Xunta provisional exercerá as facultades que a estes correspondan.

2. A Xunta Provisional, constituirase no prazo de tres meses desde que a resolución de clasificación do monte veciñal adquiera firmeza. No caso de que transcorrido este prazo non se tivese constituído, a consellaría competente en materia de montes, promoverá a súa constitución no prazo doutros tres meses.

3. Esta Xunta provisional comporase, como mínimo, dun presidente e dous vogais, elixidos de entre os comuneiros e por eles, dando conta da súa composición ao Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.



Grupo Parlamentario

4. A Xunta provisional terá a representación da comunidade e impulsará a redacción e aprobación dos estatutos ou, no seu caso, a elección dos órganos de goberno. Confeccionará, se non existise, a lista provisional de veciños comuneiros.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

5. As xuntas provisionais terán un prazo máximo dun ano para a redacción do proxecto de estatutos da comunidade.

6. A Xunta provisional encargarse da xestión e administración do monte veciñal, podendo autorizar, por razóns de urxencia ou interese xeral, actos de administración de contía económica non superior a seis mil euros en total.

7. O mandato da Xunta provisional finalizará sempre coa aprobación dos estatutos.

8. Transcorrido un ano desde a constitución da xunta provisional e persistindo as circunstancias sinaladas no apartado 1 deste artigo, procederase a unha nova elección. De non ser esta posible, no prazo de un ano, aplicarase o disposto no artigo 35.

Artigo 35. O Consello de Comunidades

Créase o Consello de Comunidades de montes Veciñais en Man común, para a representación das comunidades, a defensa dos seus intereses específicos e a interlocución coas administracións.

Artigo 36. Composición do Consello

1. O Consello estará formado por:
 - Dezanove representantes das comunidades, elixidos de xeito que se garanta a adecuada representación territorial
 - Dous representante das mancomunidades de montes veciñais de man común.
 - Tres representantes de asociación representativas das comunidades de montes
 - Tres representantes dos sindicatos agrarios máis representativos.



Grupo Parlamentario

2. O Pleno do Consello elixirá de entre os seus membros procedentes das comunidades un presidente e un vicepresidente.

3. A consellería competente en materia de montes nomeará de entre os funcionarios da mesma un secretario do Consello.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Artigo 37. Funcións do Consello

As función do Consello son:

- Emitir un informe preceptivo sobre os proxectos de modificacións normativas, co rango de lei, decreto ou orde, que afecten aos montes veciñais e man común.
- Emitir un informe preceptivo nos procedementos de clasificación
- Emitir un informe preceptivo sobre a declaración dun MVMC como mal xestionado.
- Emitir cada ano, a partir da documentación preparada pola Administración Forestal, os efectos da política da Xunta de Galicia sobre os montes veciñais e man común e, singularmente, sobre os convenios.
- Elixir aos representantes que participen no Xurado de Clasificación Participar, conxuntamente coa administración autonómica e nos termos que regulamentariamente se definan, na xestión dos montes veciñais e man común sen comunidade ou retirados do control da mesma por xestión deficiente.

Título sétimo. Competencias da Administración Autonómica

Artigo 38. Funcións da Xunta de Galicia

1. A consellaría competente en materia de montes dará aos montes veciñais de man común, xunto con outras figuras de xestión conxunta da propiedade, carácter preferente nas súas actuacións de fomento e mellora do monte, na prevención e defensa contra os incendios forestais, e na concesión de axudas económicas para as mesmas



Grupo Parlamentario

finalidades suxeitas a plans de viabilidade económica e ao cumprimento dos instrumentos de xestión.

A dita consellaría, ademais das funcións especificamente sinaladas nesta lei, desenvolverá as seguintes funcións:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- a. Promover a marcade dos lindes entre os montes veciñais.
- b. Procura da súa conservación e integridade dos valores naturais e do uso veciñal deste tipo de propiedade.
- c. Impulso e promoción do aproveitamento do monte.
- d. Asesoramento técnico ás comunidades veciñais.
- e. Labores de gardería forestal.
- f. Coidar do cumprimento do disposto nesta lei e na normativa que a desenvolva, aplicando as medidas correctoras e sancionadoras establecidas legalmente.
- g. Subscribir convenios ou contratos de xestión dirixidos a un mellor aproveitamento do monte veciñal.
- h. Defensa e xestión en caso de grave abandono ou extinción da comunidade veciñal.
- i. Promover a constitución das comunidades veciñais cando estas non existan.

Artigo 39. Situación de non existencia da comunidade veciñal.

1. Nas situacións de inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte, a defensa dos seus intereses e a regulación do aproveitamento do monte corresponde, en colaboración co Consello de Comunidades, á consellaría competente en materia de montes, en tanto non se constitúa a nova organización da comunidade veciñal. Nestes casos a Administración exercerá a xestión cautelar, segundo dispoña o instrumento de xestión e en caso de non existir este, instarase a súa elaboración e aprobación como primeira medida por parte da Administración.

2. A consellería competente en materia de montes veciñais e man común poderá exercer a xestión cautelar prevista no apartado anterior, de maneira directa ou indirecta, utilizando os medios legais que estime máis oportunos. Os rendementos netos, orixinados pola explotación do monte serán investidos na súa mellora e na prevención e defensa



Grupo Parlamentario

contra incendios de acordo coa lei 3/2007. A Administración forestal estará obrigada a publicar anualmente no *DOG* a conta de resultados de dito monte.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Para o reinicio da actividade da comunidade veciñal extinguida ou desaparecida deberanse cumprir os seguintes requisitos :

- a. Presentación de solicitude por parte dunha Xunta Provisional do monte veciñal.
- b. Acreditación da existencia dunha comunidade veciñal formada por comuneiros de pleno dereito e elección dunha Xunta Provisional consonte co disposto nesta Lei a respecto dos orgaos das comunidades veciñais.
- c. Compromiso notarial da Xunta Provisional de asunción do estado contable do monte e do instrumento de xestión forestal vixente, que de non existir, deberá ser elaborado e aprobado pola consellaría competente en materia forestal.
- d. No caso de que, como consecuencia da extinción da comunidade veciñal, a Administración forestal adxudicara con anterioridade, mediante o correspondente concurso público, a xestión e explotación do monte a outra entidade, o reinicio da actividade solicitada pola Xunta Provisional non será posible ata o remate do prazo correspondente á quenda máis longa de explotación madeirabel especificada no instrumento de xestión forestal do monte, ou ata o prazo de 10 anos para o resto de explotacións ou actividades, salvo acordo entre as partes.

Artigo 40. Estado de grave abandono ou degradación

1. O monte veciñal en man común entenderase en estado de grave abandono ou degradación se de modo manifesto se produce un incumprimento grave e sistemático das obrigas legais e estatutarias polos órganos representativos da comunidade veciñal, sofre un grave deterioro medioambiental, non é xestionado consonte aos instrumentos de xestión forestal en vigor ou padece unha extracción abusiva dos seus recursos.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. A consellaría competente en materia de montes é competente para declarar por razóns de utilidade pública e interese xeral o estado de grave abandono ou degradación de acordo cos procedementos establecidos regulamentariamente e, en todo caso, previo informe preceptivo do Consello de Comunidades.

3. A consellaría competente en materia de montes establecerá regulamentariamente e con carácter periódico os indicadores obxectivos que sirvan para a determinación do estado de grave abandono ou degradación dos montes atendendo fundamentalmente aos seguintes criterios:

- a) Grao de incumprimento do funcionamento estatutario ou das obrigas legais pola comunidade veciñal de acordo con esta lei.
- b) A superficie relativa afectada.
- c) O grao de incumprimento dos instrumentos de xestión forestal de acordo con esta lei.
- d) O grao de manifesto desuso.
- e) O carácter depredador das actividades extractivas dos recursos.
- f) O perigo manifesto de degradación do solo.
- g) A importancia medioambiental das formacións forestais degradadas.
- h) Calquera outro criterio que, no seu momento e de maneira xustificada, poida establecer a administración competente en materia forestal.

4.-Declarado un monte en estado de grave abandono ou degradación, a consellaría competente en materia de montes, en exercicio dos dereitos que lle outorga o artigo anterior desta lei, asumirá a xestión deste monte por un período de 10 anos, que deberá exercer en colaboración co Consello de comunidades de montes veciñais en man común. A devandita consellería estará obrigada a publicar anualmente no *DOG* a conta de resultados do monte así como a comunicala á comunidade veciñal para o seu coñecemento.

Polo menos o 70% dos beneficios que se poidan obter neste período, unha vez deducidos gastos e investimentos, serán investidos pola consellería competente en materia forestal na mellora do propio



Grupo Parlamentario

monte. Os restantes beneficios serán transferido á comunidade veciñal unha vez que esta asuma a xestión do monte.

Artigo 41. Incapacidade da Comunidade

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A consellería competente en materia de montes asumirá tamén, en colaboración co Consello de Comunidades Veciñais, a xestión dos montes veciñais en man común no caso de que a comunidade veciñal así o solicite, por incapacidade para garantir unha adecuada xestión do monte. Neste caso a asunción da xestión farase por un período mínimo de 10 anos.

Polo menos o 70% dos beneficios que se poidan obter neste período, unha vez deducidos gastos e investimentos, serán investidos pola consellería competente en materia forestal na mellora do propio monte. Os restantes beneficios serán transferido á comunidade veciñal unha vez que esta asuma a xestión do monte.

Artigo 42. A reversión do monte

A reversión da xestión do monte á comunidade veciñal poderase verificar, previa solicitude e consorte os procedementos establecidos regulamentariamente, cando se cumpran os seguintes requisitos:

- En caso de estado de grave abandono ou degradación: unha vez transcorridos cinco anos e a comunidade asuma o estado contable do monte e os instrumentos forestais vixentes, subrogándose, de ser necesario, nos dereitos e obrigas asumidos pola administración.
- En caso de desaparición da comunidade: unha vez transcorridos un mínimo de 5 anos, se acredite a existencia dunha comunidade veciñal e sexa elixida unha Xunta Rectora ou Xunta Provisional consonte o disposto nesta lei. A reversión producirase cando a comunidade asuma o estado contable do monte e os instrumentos forestais vixentes, subrogándose, de ser necesario, nos dereitos e obrigas asumidos pola administración



Grupo Parlamentario

- En caso de solicitude da comunidade, por incapacidade: unha vez transcorridos un mínimo de cinco anos e a comunidade asuma o estado contable do monte e os instrumentos forestais vixentes, subrogándose, de ser necesario, nos dereitos e obrigas asumidos pola administración

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Disposición transitoria primeira

Os procedementos de clasificación de montes veciñais en man común pendentes de resolución, pasarán a ser tramitados polo Xurado de Montes Veciñais de Galicia e seguirán o procedemento establecido nesta Lei.

Disposición transitoria segunda

Os procedementos de descatalogación de montes iniciados antes da entrada en vigor desta Lei, seguirán tramitándose conforme á lexislación existente no momento da súa incoación.

Disposición transitoria terceira

O Xurado de Montes Veciñais de Galicia co obxecto de comprobar a clasificación como monte veciñal en man común, poderá instar os seus correspondentes expedientes de clasificación, aos efectos de comprobar a pervivencia do seu uso veciñal, ben de oficio ou a pedimento da comunidade de montes que o viñera aproveitando.

Disposición transitoria cuarta

Se durante a tramitación dun procedemento de deslindamento dun monte pertencente a unha entidade local ou dun monte veciñal en man común xurdira un expediente administrativo de delimitación de concellos, suspenderase a tramitación do deslindamento da parte do monte coincidente co límite dos concellos ata o remate da delimitación dos mesmos, continuando co deslindamento parcial do resto do monte.



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Disposición transitoria quinta

Aos efectos de servir de título inmatriculador suficiente para a inscrición no Rexistro da Propiedade das avinzas de deslindamento realizadas entre comunidades de montes veciñais en man común con anterioridade á entrada en vigor desta Lei, publicarase no Diario Oficial de Galicia a resolución firme de aceptación do deslindamento adoptada polo Xurado provincial de montes veciñais en man común.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Lei 13/1989, do 10 do outubro, de montes veciñais en man común e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao previsto nesta Lei.

Disposición derradeira

A presente Lei entrará en vigor ao mes da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Pazo do Parlamento, 16 de decembro de 2010

Asdo: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Grupo Parlamentario

ANTECEDENTES

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Estatuto de Autonomía para Galicia. Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. Artigo 27.11
- Lei 55/80, do 11 de novembro, de montes veciñais en man común
- Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común
- Sentencia do Tribunal Constitucional 127/1999
- Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes
- Lei 10/2006, do 28 de abril, que modifica a Lei 43/2003 de Montes
- Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación a Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia
- Lei 7/008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia



Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 16/12/2010 11:27:16

.....
Partido dos
Socialistas
de Galicia
.....